

***Amor e tempo liso* de X. L. Méndez Ferrín: os textos, a censura e
Darío Xohán Cabana**

***Amor e tempo liso* by X. L. Méndez Ferrín: the texts, the censorship and
Darío Xohán Cabana**

Anxo Angueira

(Universidade de Vigo / angueira@uvigo.gal)

Data de recepción: 02/10/2024 – Data de aceptación: 01/11/2024

Grazas ó arquivo da familia de Darío Xohán Cabana puidemos acceder a dous valiosísimos orixinais de *Amor en tempo liso*, obra citada en diversas ocasións polo propio Méndez Ferrín como antecedente de *Con pólvora e magnolias*, como así sen dúbida é e podemos comprobar agora. A información destes dous documentos que hoxe damos a coñecer é imprescindible para entender a xénese, politicamente accidentada pola censura franquista, dun libro capital na obra do noso autor e da poesía galega contemporánea, pero tamén para entender mellor a relación entre el e Darío Xohán Cabana.

Un dos orixinais, baixo a epígrafe «AMOR E TEMPO LISO – SIRVENTÉS – Ferrín» (cfr. Apéndice A), está da man do autor e contén textos mecanoscritos e algún manuscrito. Contén os seguintes poemas, todos con algunhas variantes a respecto da súa publicación posterior, como: «Señoras do pasado», «Momento último», «Erguede, dixo Safo», «quero que meus amigos de ferro e dinamita», «confucio atravesouse antre os dentes de mao» (manuscrito), «sentarame ben chorar nista noite», «posicións de amor en homenaxe» (título corrixido polo manuscrito «posturas pra copular en homenaxe» e asinado tamén á man por Heriberto Bens), «bóveda en otero», «atópome coa testa contra o muro», «diante de compostela de outros días» (en versión ben distinta da que despois foi publicada e da que aparecen tamén uns versos manuscritos) e, finalmente, o «sirventés pola destrución de occitania» (asinado por X. L. Méndez Ferrín), que contén correccións autógrafas e probablemente é copia similar á enviada a Suíza para ser editada por Roi Xordo en 1975.

O outro orixinal de *Amor e tempo liso* forma parte dun cartafol en cuxa epígrafe reza «AMOR E TEMPO LISO – FERRÍN – mecanografado DXC – Expte censura 1973» (cfr. Apéndice B) e que inclúe efectivamente un informe da censura asinado o 8 de xullo de 1973 por Joaquín Rodríguez Toubes, Delegado Provincial en Lugo do Ministerio de Información y Turismo. Nel contéstase a solicitude de Manuel María, que tamén se inclúe, e enuméranse os versos, estrofas e poemas que o censor indica que non poden ser publicados. Esa páxina remata con esta nota: «Excepto la parte final, el libro es de un barroquismo extraño». Manuel María pretendía publicar esta obra na colección Val de Lemos de Edicións Xistral. A editorial do poeta monfortino non estaba obrigada a esta «consulta voluntaria», dado que tiña número de rexistro, pero aínda así cremos que o fixo por precaución: Ferrín había

pouco que saíra da prisión logo da condena por outro orixinal, *Os corvos, a figueira e a fouce de ouro*, que lle fora requisado en 1969. O texto está mecanografado por Darío Xohán Cabana, como xa o de Roás nos explicara no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega: *De Manuel María a Ferrín: a grande xeración* (2006: 27).

[...] eu lin *Con pólvora e magnolias*, que daquela se chamaba *Amor e tempo liso*, varios anos antes de imprimirse, e deillo a ler a Afonso Pexegueiro e a algúns máis; aínda posúo o exemplar que me deu Ferrín, con algúns poemas manuscritos, que eu pasaría a limpo na Lexicón 80 de Edicións Castrelos con varias copias por papel carbón. Ademais, eses poemas recitáronse clandestinamente –por min e por outros– en moitas ocasións, e publicábanse en diversas follas. A historia literaria deses anos non se debería escribir sen ter en conta a transmisión mecanoscrita, a comunicación en lecturas públicas ou privadas e as publicacións máis ou menos clandestinas, moitas delas, infelizmente, quizabes esquecidas ou perdidas para sempre. Nin tampouco, dito sexa de camiño, sen coñecer a historia dos premios literarios, que alguén debería ir pensando en facer.

Esta versión preparada para a súa publicación en 1973 e que non pasou a censura en seis dos seus poemas contén algunhas diferenzas coa versión anterior de *Amor e tempo liso*. En primeiro lugar achamos unha cita que encabeza o conxunto, tirada do *Diálogo dos mortos* de Luciano: «Tántalo: –Iste é o meu castigo, que a miña alma esteña sedenta coma si fose corpo». A cita foi logo recuperada en *Era na selva de Esm* (2004). A continuación encabeza a obra un poema novo, a «Epístola a Darío», que con variantes se recolleu tamén nesa obra. Observamos igualmente que se omitiron os versos finais que contiña «diante de compostela de outros días» e que estaban na seguinte páxina, polo que o remate é o coñecido a partir da edición de 1976: «primavera coutada ferros foron». O mecanoscrito de Darío Xohán Cabana contén algunha anotación súa e ó final indícase que esta é a 3ª copia da obra. Tamén ten á man un «NO» da censura sobre os poemas «Epístola a Darío», «momento último», «sentaramen ben chorar nista noite», «Posturas pra copular en homenaxe», «atópome coa testa contra o muro» e «Sirventés pola destrución de Occitania».

Como pode observarse ou deducirse, as peripecias que están detrás da xénese de *Con pólvora e magnolias*, e só coñecemos unha parte, son múltiples. Hai toda unha aventura creativa e editorial a partir de *Amor e tempo liso* na que interveu a censura e na que participaron os amigos Darío Xohán Cabana e Manuel María, neste caso, pero que tamén acaba tendo relación coa emigración galega en Suíza, onde Carlos Díaz (Edicións Roi Xordo) edita en xaneiro de 1975 o *Sirventés pola destrución da Occitania* (sic) e en maio dese ano tres poemas na revista *Rego*: «Diante da Compostela doutros días», «Sentaramen ben chorar nista noite» e «Bóveda en Otero». No caso de Darío Xohán Cabana observamos unha fonda e aberta implicación no libro primitivo do que el considera o seu mestre, que pola súa banda lle dedica un longo poema prologal nesta primitiva versión. O discípulo defendeu, coma no texto citado, a importancia da cultura dos mecanoscritos e recitados deste tempo e foille desde logo ben fiel á mesma cando publicou en 1987 o seu libro de sonetos *Amor e tempo liso*.


De todo o anterior tamén observamos que o corpus central de *Con pólvora e magnolias* está conformado por este seu antecedente, preparado para a edición xa a mediados de 1973. No seu inicio, sen a «Epístola a Darío», engadíronselle os poemas «En Compostela pode un home», «Podería chamar agora», «Saudemos a morte», «Esta é a folla», «Veleiquí a man alongada na» e «Estás como caída». No final, sen o «Sirventés pola destrución de Occitania», inclúense o «Triste Stephen» e o «Reclamo a liberdade pró meu pobo». Tamén cabe destacar que se suprime o «Bóveda en Otero».

Con pólvora e magnolias é considerado o primeiro libro que se editou en Galicia sen a previa «consulta voluntaria», que realmente era prescritiva. Fíxose na Imprenta Minerva de Santiago e baixo o selo Rompente a finais de 1976. Contínha un paratexto de Alfonso Pexegueiro a modo de presentación ou prólogo impreso nas lapelas. A edición foi financiada polo propio autor, que non atopou editorial, segundo el mesmo confesa en entrevista a Mar Mato no *Faro de Vigo* do 26 de xuño de 2011. No colofón do libro reza o seguinte:

Iste libro compúxose en Linotipias Marín de Vigo e terminouse de estampar en Imprenta Minerva de Santiago o 15 de Novembro de 1976. O montaxe e impresión correu a cargo de Carlos Delgado, Luís Mariño ocupouse do diseño gráfico e Armando L. Guerra dibuxou o anagrama de ROMPENTE.

Con pólvora e magnolias, que tivo unha reedición ós dous anos, en novembro de 1978, foi concibido como libro obxecto, cun formato moi particular de 18 x 20,5, capa acartonada en amarelo escuro, follas de papel de estraza e tipografía que imitaba precisamente a das máquinas de escribir dactilográficas daqueles anos. Dalgún xeito, o deseño de Luís Mariño reivindicaba para o libro esta cultura da poesía vinculada ós mecanoscritos da que, como vimos, nos falaba Darío Xohán Cabana, poeta que tivo a Ferrín por mestre e que gardou para todos nós con fidelidade os orixinais mecanoscritos e manuscritos de *Amor e tempo liso*, que logo el á súa vez mecanografou e preparou para enviar á censura e que hoxe presentamos para que iluminen a accidentada xestación de *Con pólvora e magnolias*.

Apéndice A



[Dereitos de autoría dos facsímiles: X. L. Méndez Ferrín e herdeiros/as de D. Xohán Cabana.]

señoras do pasado

" Non prince on a les dam's du temps jadis qu'on peut "

Georges Brassens

liq.
e quixenvos moi tristemente a todas
as forades rápidamente eu (un pouco).
unha luz nos lugares do estremecemento
e tardes coma rodas de bronce, interminables.
Poderosas mañás de rexurdimento e ollos no chan, de amor outido.
e quixenvos moi escasamente a todas
porque nas regandixas de eu caben ourizos e sufrir é amor
e nada para o tempo que destroi os ourizos.
e quixenvos (queréndome) coma un río que fose
dos meus ollos a vós, as tidas e perdidas,
límitrofes do amor, esquencidas pra sempre.
e quixenvos autente, e case non vos quixen
entre tanto artefacto, construción, mala pedra,
enviagados nas cousas coma lentos navíos que mainamente esbaran.
chamo por vosoutras, nomes apenas tatuados
no valeiro e no fume, e reclamo ise espacio
que deixáchedes e que cecais é globo (de lume e desespero).
señoras do pasado, damas investigadas a través dos ensoños
sobre cabalos nidos, inmóviles no outono de antano, sin bris mesmo,
merci por un crepúsculo, ou cecais algún beixo
ou polos poderosos erguementos do sangue, ou por sorrisos líquidos
a carón da magnolia.
quixenvos lenemente, e mesmamente fúchedes capaces
da captura dun anaco de sombra de min, e fíquei menos.
inútil ista ollada por derriba do tempo que me outorga silencio,
escamas, arruínas, borralla, meus ronseles. ~~www.vedo.vv~~
quixenvos fuxidío, oh amigas de antonte,
meu espantoso espello niste solpor que vence.

MOMENTO ÚLTIMO

"Oíame, miña Señor amada? "

Cunqueiro

¿Sintes, miña señor amada, niste intre das trompetas do adeus como a amgolia cobra un matiz espantoso e ven a tristeza do mundo a pórseme no pubis?

¿Notas como a caída do verán sobre as illas e sobre das correntes do mar que fora limpo arrómbame con forza e desfigura o xilgaro, oh miña señor deixada?

¿Oíame, miña señor odiada, cómo se perde ~~wentw~~ o vento entre as miñas pestanas e cómo se me abren pozas verdes nas mans e pódense ver nelas petroglifos de morte?

¿Decátaste de que a tristeza da despedida era antes da despedida e que teño ollos de non ter ollos e de que o perdo todo, miña señor perdida, antes de ser perdida ?

¿ Ves, miña señor de fume, miña señor de vento, miña señor de cinza, como sedas e ~~wentw~~ e vasos e pedras de silencio, e libros que non houbo, e sorrisos mentidos atravesan o ~~wentw~~ espléndido aire diste crepúsculo, convégnos a loito?

Por que morro a cada intre e mórres, miña señor de rápidos intres tamén perdidos, sinalo algunha cousa no fondal dos teus ollos, pedra cecais ou rosa, e ao avanzar das sombras pérdome en min e pérdote, e declárote miña, e un tempo novo empeza.

¿ Decátaste, miña señor querida, que un tempo novo mítanos e que o meu corpo enteiro navegarei nas turbias augas do teu recordo?

Erguede, dixo Safo,
 máis alto o teito pra min, o esposo,
 porque vou entrar dacabalo no tálamo e no escuro
 e necesito espacios coma cortes de gando moi grandísimo
 pra conter todos os dentes, o estremecer luar, as carantoñas,
 o cair da mañán
 sóbor dos ollos da miña esposa odiada.

Ven, Cipria, dixo Safo
 e amor conturboume o mesmo fígado
 cáseque coma o vento retumba polo monte na oliveiraw
 e quero que padezas o meu ventre sen luz
 e me manteñas amado,armado,irto,azul ~~vvv~~
 polo segredo do esgotamento, espada.

Friaxe, dixo Safo,
 púxose no corazón dalgúns paxaros coma morte ou lenzo
 de perecer, e fiqui pombo,
 crisantemos de pedra ou tua ausencia, estando.


Máis branca que o leite, dixo Safo,
 e permitiu que che vira lanzal coma unha égoa
 porque cada mañán déchesme un fillo de lume e desespero
 e grande ourizo.

Istas son, dixo Safo,
 as cinzas tuas, oh morta antes das bodas,
 e nos vermellos leitos do crepúsculo xacen xacintos, broa, duros, doce¹
 camelios derrotados para sempre.

¹ «Remata o verso con "doces", o "s" está mesmiño na beira e xa desgasto» (comentario de Alexandra Cabana Outeiro).

quero que meus Amigos de ferro e dinamita,
non collidos, que perden os ollos e o pubis moitas noites
deteñan un intre paso e puño coma meu señor confucio heráclito
atravesándose antre os dentes do Pastor do Leste.
Meus Amigos poseedores de ferro xunta o pubis
deteñan o valeroso puño coma meu Señor Nadador
e digan derramando os ollos no Pai Miño:
" así pasan todas as cousas". E despoixas
os meus Amigos con facianas e corpos esguíos de fouce
sóbor dos lentos ríos pretendan acelerar mundo pra nós
ee voltan sóbor do peito e concéntrense en núcleo escuro e puño.
A determinación de chorar non impida a fouce
e o puño dos meus Amigos debruzados sóbor dos ríos
cos corpos esguíos coma fouces, navíos señan ollos esbarantes
no Pai Miño, que brila confucio heráclito atravesado
nos dentes do Pastor do Leste e quero que os meus Amigos
de ferro non collido disparen dinamita sóbor do río
nunha festa que celebre o paso dialéctico de todas as cousas do mundo
co corazón do home, meu Amigo, que entempla o río
sin fin e sin principio, Algúns sin nome, algúns ou dinamita,
poñan fe coma fouces da Fonmiñá hastra a Guardia.

Confúcio atravessou entre os dentes de ouro
 e disse com hieráclito, meu senhor, "asim pasou
 todas as cousas". Logo os alcapentes naquela
 seram dos mil flores compostelais de nadel
 supeto o vento virou, e trouxo ise audiar de nubes cegas,
 encol de Serra de Outes, por acaso.
 Quero ^{por a firme} ~~poer~~ ~~as~~ ~~pe~~ da minha historia
 con gauebotas, loes foxidias,
 e un longo confúcio contemplando o devalar do novo
 melia polos caneiros de noutora.
 o conxunto dos xenerosos meus mestres
 me xulquen unha fe ues os febuentos despois
 sexon entregais a terra, sexon eles xenerosos
 seipom que ^{eu} tiña horror do transito do tempo
 que amor era horror do tempo non delido
 e que eles fun fidel aos decorridos
 das ~~temi~~ ~~augas~~ ~~confuianza~~, irrepetible,
 coma un can de palheiro e fiel ao amo.



Sentaríame ben chorar nista noite
 poñerei irlandia vilanova dos infantes ~~duas~~ rosas no ferrol de ferro
 e os teus ollos infideles no gume do crepúsculo
~~www howwww~~ intentarei poñerme diante de min por unha vez
 e deixar nas portas bandeiras esfarrapadas pimentel e sirgos rotos
 sentaríame moi ben chorar e unha paipa
 daríame ise ton o'casey cando fillos de carne miña e non de pedra pómez
 desfánse en abalorios antre os dedos
 sentaríame moi ben un arreguizo en leito de metal e só
 sei considero entendo e nembargantes
 a botella de docísimo augardente de non ser home xunto á man
 sentaríame moi ben descarregar horror e certa insania
 porque teño un cabalo que nunca tiven e iste crepúsculo
 sentaríame ben diante dos ollos cóbregas e detalles de acibeche
 que digen son eu só pérdome cinza desesperado vento foula
 sentaríame chorar polo meu pasado eu coma alabastro
 ergueito ~~noswww~~ abrentes illa louvada de cristal cunheiro
 naturalmente naturalmente sentaríame ben paipa e alcohol
 doces entregues cousas chinas enquistadas lacas e como sedas e cerdeiras
 e o negro fondal do viño que perdemos onte
 sentaríame de azul o que non digo
 chorar e contemplar no teito horrendo que se comba e creba
 presenza impar de partes tuas que xamáis me deches
 e súpeto tremendamente macstiofain onda a miña aldea e os amigos
~~wwwlamanduwww~~ ou calquera cousa rompida e moi veciña
 reclamando cecaís nai~~y~~ ou patria celta ou simplemente pedra
 without usura certos mediodías
 calquera cousa do que non ten sombra
 digo que irmáns non teño nista noite
 digo que estou a chorar só coma quen canta
 e cego o canto contra o gran silencio que estala e trai un tiro no ban-
 / dullo

Posturas para copular en homenaxe

posicións de amor en homenaxe

ponte de luz, carbón, pólvora, e ollos
negros de nenos mortos cravados nas saas do pazo.

ponte de corazón, ladrillo, fósforo
con cincocentas espirais pra lle chegar ao verde cume i escusa-
/das sedas.

ponte de mar, estrondo, primavera
e mans estremecendo o vaso, amante, no que cantan sedes doutro tempo.
ponte de contemplar, amor, antigamente
e docisimamente e perder como vidas vellas e tirar coa chaqueta
/cada día.

ponte de ponte; ponte, amiga, en ponte
estrangulando o río no que muxo e urro con carballos, follas.
ponte para saír a saia nova
e tan cursi polo xardín naceránnos nos ollos luas, vésporas e un
/xerriño de mel.

ponte de costas, natural e lume
negro polo baixío conmooveráche os dentros con arruallo vivo sin
/ vivir en min.

ponte de pel de aña, de cunho, de homebreiro
penedo do crapúsculo atal coma unha caixa de música ou cerdeiras.

ponte de frío, ponte estatuaría
e cada embate será líquido inmóvil, abril de xade, nódoa de ~~alabastro~~
/ alabastro.

ponte de recurrir, ponte de língoa
e unión, trebón, carne polo discurso, verbas como panascos ~~orballados~~
/ orballados.

ponte de viño, en fin, e de cabazo
e teñamos, amor amor, unha fogaza candeal e ollos pra fitar o
/ lume bo e a morte.

HERIBERTO BENS

bóveda en otero

"ao lonxe a voz do amigo que perdemos
soa ceibe na baruda carballeira"

"Otero Pedrayo"

ao lonxe a voz do amigo que perdemos
soa ceibe na baruda carballeira
ao lonxe a voz do amigo en carballeira
voz que perdemos ceibe lonxe wamigo
ao lonxe ceibe en voz a carballeira
lonxe do amigo que perdemos soa
do amigo a voz baruda que perdemos
na carballeira soa ceibe lonxe
lonxe de amigo voz e que baruda
carballeira perdemos soa ceibe
amigo que perdemos carballeira
que lonxe en voz e que baruda soa
do amigo ceibe que perdemos lonxe

atópome coa testa contra o muro.
convócome a min mesmo coma quen olla un pozo.

volta un nen^{de lume}o perdido
por sáas~~vwuww~~, por pasigos ~~vw~~ brancos
tráxico, con tatuaxes nas meixelas
e lumes pequenos en cada dedo.

voltan tempos ourizo de reptar e disparos
de angurias decoradas por cregos e trompetas
~~vwuww~~ estampas, e desfiles, e o tempo que se para.

Lucen asombros, fórmanse estalidos, arredondéanse lombos
e mamai dime algo tremendamente pedra
que me pon no meu sitio.


retorna agora o ira da ira, o tremendo wintre
en que perdín os ollos e fixenme acibeche, cactus e pedra alumbre
equedeime en ourense
fitando con horror iste rio do tempo.

diante de compostela de outros días

" ¿ lembrádesvos
como, no río, batíamos os remos
contra a corrente que non deixaba avanzar? "
mao tse-tung

digo cecais
con cecais boca de nada
digo onde
estades agora tempos
docisamente de antano calo e digo
por acaso Berthe-au-grand-pie
con abusivos zapatos e canela de sirgo
navegando a rua nova
estremecida a mesma fronte do mencer
digo cecais
con ira tempo area río
mansamente da estatura dun gómito
mirade niste espello
dunha rua esquina clausurada
zona de xa non ser perdida albada
mirade oh vellos
perdidos acosados aferrados
cecais estrela cecais intre
de estrela
única cousa do universo detida
sóbor da torre que digo
estrela única detida sóbor da torre
e un balbordo de brétema
descorréndose dende o centro do cor
amor estabas
cecais digo estabamos ~~en~~ medios
mortos lugar aquela noite
sin cordón buligante torpe tida
digo cecais
digamos vellos somos
idos sin ter chegado
percuramos un salto en cego insulto
que nos precipitou sóbor de gumes
inhóspitos de anís
apaixoados digamos ho digamos
como perdimos hora
lumo lanza como Berthe
pasou e cun airiño
stotil compostelana sombra perecemos
e renacemos outra
volta ~~wn~~outros.
digo cecais non digo
viño verba con chumbo e con
arrastres e perdemos
en voltas en espiral en espavento
primavera coutada ferros foron

dispostos belamente e nos dixeron
que cecais como e cando podiamos
digo por todos e digamos
aqueles perdidíños perdidíños
qué foi de nós que foi dun certo
vento berthe-au-grand-pie e vagorosos intres
clausurados pra sempre
cecais digo.



A cruzada dos albixenses, no século XIII, significou a destrución da unidade occitán. A invasión francesa da Occitania central e o seu xunguimento ó dominio real puxeron un termo ó proceso histórico que tendía á transformación de Occitania en sociedade nacional.

Pierre Fougeyrollas

("Os pobos de Francia", en "Grial", Vigo, 1969, núm.26)

Dès 1213, la défaite de Muret et la croisade de Simon de Montfort avaient porté une grave atteinte au développement de la civilisation du Midi: à partir du XIV^e siècle, le français commença peu à peu à y devenir l'idiome officiel.

Édouard Bourciez

("Éléments de Linguistique romane", Paris, 1923)

Simon de Montfort et ses Francs écrasèrent dans le feu et le sang une civilisation très supérieure à la leur.

Guy Héraud

("L'Europe des Ethnies", Paris, 1963)

Il est évidemment plus commode... de se consacrer au folklore et à la poésie, que de soutenir la lutte pour l'indépendance nationale occitane qui aura des conséquences d'une immense portée révolutionnaire...

François Pontan

("La nation occitane", Avignon, 1969)

1

Dende o corazón
de aceiro
do tempo
e dende
a máquina de realizar
mundo pra nós,
do corazón
do país dos barcos e das altas penedas
e dos homiños aldraxados que serán homes alzados,
mollo o canto no odio a Francia-de-Mortport,
no odio das armas victoriosas de Francia-de-Inocencio,
no odio ós cristianísimos exércitos de Francia-Über-alles,
e digo, oh xentes de meu:
ESCOTTADA A HISTORIA DA MASACRE.

I

Primeiro era Occitania
- oh, oh, ma tanto amado!-
xurdindo como apóutigas en cen pes frolecidos.
(Lumumba repousaba
no corazón dormido dos humildades servos).
~~Oh~~ Oh, como o sol humano
escachaba a estabular, monseal caligrafía morta!
Oh, como a palabra de cotío abría
en lume os corazóns afeitos a odiar os prados únicos do mundo!
Ha de Dios, que a palabra ~~wwwwww~~ AMOR
- maldizoada -
erguíase leda, coma un cendal na punta dunha lanza!
Corrupción, Corrupción,
que os homes non castos pronuncian os vocables,
diste mundo (dialecto de Provenza: Lat. Vulg. ~~wwwwww~~ VEC'IU > Vielh).
Alerta eclesía, clas, clan, que novas
palabras relativas a istos eidos ~~wwwwww~~
de ~~wwwwww~~ Guyena, Provenza, Languedoc, Auverña
afirmar ser apenas doce amargue
marteiro, xogo, éstase acó embaixo!
(Dormitaba Fidel Castro
contido nos ~~www~~ ollos húmidos da fame do servo.)
Lado foi o despertar
da aristocracia que apartou as sórdidas
teas de arafia e amou as alboradas!
~~wwwwww~~ Sñer, dona, Rimbaud
de Vaqueiras - "altas
undaz que venez suz la mar"-, Guilhem
de Poitiers, Rudel, Daniel, Borneil, Peire Vidal,
estrelecidas lapas de ~~wwwwww~~ amador
por enredar tan só: cansó, xoguete,
pastorela antre froles, - "vos sopei
prendes m'al vostre, servidor" -, castelos
(~~www~~ mala pedra), ~~www~~ Unha festa
do carallo era toda aquela terra
que limita coa zoca no oriente alpino
e coas landas do medo polo oeste!

Fremoso coma un docel
era iste mundo.
Non hai "homo viator" nin wmiseria de home.
Vivamos pra servir Señor
e pra escoitar reiseñor
e recibir, se cadra, algún peñor!
(Aguanta, servo, camarada, déixaos

GUARDAR
LO
LARZAC

2

que amolezan no canto mentres nos chega a hora!)
 Algaros toleiróns,
 aves de touca e limpas
 garcetas loiras que alcumían almeas!
 librados e ricaces,
 fragmentados, deitados, aparvados,
 señores de Occitania, primeiro año
 sacrificado ó deus de USA-FRANCIA!
 (Agarda, servo. Tío Ho
 vixila. Tente, corazón escravo.
 Virán, virán os días!)

Henr Mendez Ferni
 H. B.

II
 Domino Pape
 Santissimo patri suo et domino Innocentio divina
 providentia summo pontifici, ~~Mendez Ferni~~ miseram
 tione divina Auriensis Poeta cum debita devotione
 salutem.

Inocencio-III-Reich, fillo de sete lobas
 con alvaraz no cu, lagarto arnao,
 Chiang-Kai-Chek con sotana, alias
 François Torquemada Duvalier, marqués
 de Guernika, curmán da Anti-persoa,
 dí, pantasma nefando, qué aboitor
 de orgulo che trabou na gorxa, que
 esperma-de-~~HITLER~~ querer-ser-aniquilando
 che fecundou os ollos e as palabras?

Sabías ben que era
~~viva~~ cándida rebelión de vida nova
 o que alampaba os ollos albixenses!
 Oh, perfectos, puros, sorridentes, limpos toleradores da rosa!
 Rosas pra vós, pra semprey
 nos voaós ~~vivos~~ nomes esquecidos nas terras de Oc tritísimas.
 A ialma é luz.
 O mundo e a carne borralla son, que non luz.
 Amemos a Deus, que borralla non é, que é luz.
 Oremus,
 humildemente louvemos a un Deus sin igrexa
 acocchadiño na nosa ialma en luz.
 (No corazón aterecido de Auverña
 ía xerminando a confusión cordial
 de Camiliño Torres.)

Toliños,
 erexes fremosísimos de Albi,
 pó de volvoreta,
 non rozábade-lo chan cos vosos pes escravos.
 Pombas de carne traslúcida,
 choupíns místicos
 abrollados no esterco da miseria,
 línguas de lapa,
 (cagalumes tremendo en cada ollo),
 aniquilados de Occitania, ~~cameradas~~ amigos,
 pó
 xa
 só.

VIVA ADOLF HITLER! VIVA SIMON DE MONTFORT!
 Viva a cultura eclesiástica (e maila "lateinisches Mittelalter")!
 (31 escaso
 tolerarémola doce língoa de Roldán
 e as palabras armoniosas de Mio Cid Boina Verde.)

FIN

UNIDADE
 LOITA
 POBO
 AGORA

((revolución))
 ((nacional))
 ((popular !))

(3)

DIFUSÃO DE
BIBLIOTECA DE
AMÉRICA CENTRAL

ENVOI

Viva a Santa Cruzada
e viva a Cruz Gamada !
Levaremos a TE na punta da espada.

III

-Irmáns amantísimos na ortodoxia francófona,
Bonaparte é Deus?
-Si padre. -Xohana de Arco é Deus?
-O Despotismo Ilustrado é Deus? -Si padre.
-Si padre.
-Hai entón tres Deuses?
-Non padre, son tres glorias francesas distintas
e unha soa República Unha e Indivisíbel verdadeira.
(Jacobíns,
tecnocratas,
comunistas de palleiro,
neo-rexionalistas,
qué agardades
pra recollé-la palabra de ferro de CHE
e fundirvos co pobo de Occitania?)

IV

Triste está a patria de Peire Cardenal.
Pedra é o ollo do bon Labrador.
Frio é o alento do escravo da terra.
A morte pousa nas cortes desertas.
Compañeiríños curvados,
pequenos homes vencidos sobre os que medra o xasmín
como un estigma!
Oh, irmáns misérrimos, de ceito destellado!
Pobo de aló- e de acá- coa forza antiga
bascirada do vento.
Bocas vellíñas de moscatel, onde
"li mirau souñ crebá" dende hai ben tempo!
Soio quedades vós fronte ó enemigo...

RESCOM NAS FÁBRICAS E NOS VALLES DE OCCITANIA
A CONSIGNA DE VIDRO E DINAMITA:

Érgase a liberación coma un chapeo
de lume sobre a patria do traballo.
Recompónase o rostro escaurido
da imaxe maternal.
Executor: o pobo que non morre
~~typewritten~~ (campesíños, obreiros, mariñeiros)
co puño pecho alzado.

I eu
dende o corazón
de aceiro
do tempo compartido,
Occitania (Vietnam que ha ser),
dende a máquina de realizar
mundo pra nós,

Apéndice B



[Dereitos de autoría dos facsímiles: X. L. Méndez Ferrín e herdeiros/as de D. Xohán Cabana.]



DELEGACION PROVINCIAL
DEL
MINISTERIO DE INFORMACION Y TURISMO

De: DELEGACION PROVINCIAL.-N.5.

COPIA
DE
ARCHIVO

Ciudad,
fecha
y ref."

LUGO; a 8 de Julio de 1973 JGR.

4713
9 7 73

